



CONCELLO DE BARBADÁS

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO CONCELLO PLENO DO DÍA 18 DE DECEMBRO DE 2017.

ASISTENTES:

Alcalde-presidente

D. XOSE CARLOS VALCARCEL DOVAL (PSdeG-PSOE)

Concelleiros/as

D. VICTORIA MORENZA DOFORNO (PSdeG-PSOE)

D. MARGARITA PEREZ FERNANDEZ (PSdeG-PSOE)

D. ADRIAN VARELA VAZQUEZ (PSdeG-PSOE)

D. XOSE MANOEL FIRVIDA PLAZA (BNG)

D. ANXELA GONZÁLEZ CID (BNG)

D. SERAFIN NÚÑEZ PEREZ (BNG)

D. M^a CONSUELO VISPO SEARA (P P)

D. MANUEL GONZÁLEZ VÁZQUEZ (P P)

D. JUAN CARLOS VILLANUEVA FERNÁNDEZ (P P)

D. NIEVES CARRIL GÓMEZ (P.P.)

D. MANUEL ANGEL FERNÁNDEZ QUINTAS (P.P.)

D. MIRIAM PRIETO VALDES (P.P.)

SERAFINA VARELAS VIEIRA (D.O)

D. RAMÓN PADRÓN CALVIÑO (GRUPO MIXTO)

Ausentes

D. JULIA JACOME PÉREZ (D.O.)

Secretaria Xeral

D^a Silvia Alonso Fernández

No salón de Plenos da Casa do Concello de Barbadás, sendo ás 19:30 horas do día 18 de DECEMBRO de 2017 reúnese en sesión extraordinaria, en primeira convocatoria, o Concello Pleno, baixo a presidencia do Sr. alcalde, coa asistencia dos Sres./as. concelleiros/as. Relacionados na marxe, actuando como secretario, Silvia Alonso Fernández

Comprobado que asiste quórum suficiente para a válida realización da sesión, o Sr. Presidente declara aberto o acto e, seguidamente procédese á análise dos puntos da orde do día.



CONCELLO DE BARBADÁS

PARTE RESOLUTIVA

1- APROBACIÓN INICIAL DOS ORZAMENTOS 2018

O sr. Alcalde toma a palabra: Boas tardes a todos e a todas estamos a celebrar o Pleno extraordinario no que atinxe neste caso o motivo, que motiva este Pleno extraordinario é a aprobación inicial dos orzamentos e a aprobación do prezo público dos talleres de memoria. Polo tanto comezamos establecemos na pasada reunión informativa, na pasada comisión que se celebraba que se daba unha quenda de palabra de 10 minutos na primeira intervención e 15 na segunda. Creo que conviñéramos iso. Para os orzamentos, para os orzamentos exclusivamente e despois ten o voceiro do goberno ten unha quenda de peche como en tódolos casos incluída nas mocións. Entón pasamos ó primeiro punto da orde do día que é a aprobación inicial dos orzamentos. Vou facer un pequeno resume da memoria de Alcaldía para facer unha introdución simplemente dicir, que evidentemente presentamos estes orzamentos dende o marco legal vixente e que estes orzamentos teñen como obxectivo fundamental afondar nas políticas de benestar social e o que é investimento para persoas e as súas necesidades priman sobre calquera outro criterio ou consideración ademais é un orzamento elaborado con toda a prudencia que nos obriga ademais a ausencia dos orzamentos xerais do Estado para o 2018 que ademais de repercutir directamente neste orzamento porque ao non ter coñecemento de cal vai ser o incremento salarial definitivo para os traballadores e traballadoras do Concello contemplamos a de continxencia para solventar a posible posibilidade que haxa entre o que prevemos agora mesmo e a posible aprobación definitiva que faga o Goberno do Estado. É orzamento que ascendo a 6.694.602 euros con 41 céntimos e que seguimos mantendo o noso compromiso cos nosos conveciños e conveciñas en relación ao que é a conxelación de taxas e impostos e prezos públicos. Na memoria figura un pequeno resume e relatorio sobre cales son os obxectivos e cambios fundamentais que afectan a cada área, supoño que todos vostedes o analizaron, servizos sociais participación cidadá e mocidade e cambios derivados do que é a... desaparecen unha serie de partidas vencelladas ao aluguer, reparacións, enerxía eléctrica e limpeza. Despois mantense a subvención, achega que fai de 10.000 € que fai referencia aos nenos e nenas que non teñen praza na gardería infantil municipal, e un aumento no eido dos servizos sociais que ven dado fundamentalmente polo SAF, como consecuencia da adecuación dos seus salarios ao convenio ademais que se van a establecer definitivamente quendas de tarde e fins de semana. Tamén hai un incremento nas



CONCELLO DE BARBADÁS

atencións para mantemento dos locais sociais, en ocio e tempo libre inclúíñse a contratación a partir de mediados de xuño dun monitor ou monitora para atender as necesidades da previsible posta en marcha da Casa da mocidade, en deporte o aspecto fundamental ven dado pola dotación pola inclusión dunha partida orzamentaria á modificación o arranxo do campo de fútbol, a substitución do tapiz e hai unha diminución considerable no que atinxe a utillaxe como consecuencia ao longo do ano 2017 de novas maquinarias e ademais tamén se contempla a achega para a sociedade deportiva Valenzá pasa a ser nominativa, despois en cultura falamos aquí da sociedade xeral de autores do custe que supón para o Concello, e tamén a contratación dun dinamizador-dinamizadora cultural que se deriva da asignación da partida de persoal á Concellería de educación. En comercio hai un incremento de 5.000 € que vai ser aplicado evidentemente ao fomento do comercio local. En educación e formación hai un incremento de 10.000 € que vai adicado aos almozos escolares e tamén outra partida vai ao programa Fórmate coa incorporación da actividade extraescolar de robótico. En seguridade cidadá fálase e contéplase a posibilidade de contratar un auxiliar administrativo, un auxiliar de policía a maiores nun mes determinado, e en igualdade preténdese creo que é moi necesario para o noso Concello e para as mulleres que viven no noso Concello a creación dun centro de atención á muller un CIM, en parques e xardíns hai un aumento significativo, parques, xardíns e medioambiente que afecta aos servizos veterinarios que fai referencia a esterilización e control de colonias e tamén hai un importe importante adicado á alimentación destes animais. Despois tamén hai un incremento da partida adicado a vertedoiros incontrolados, ao transporte de restos forestais, a centros de coxeneración. En urbanismo e servizos públicos hai un aforro no alumeadado público de aproximadamente de 30.000 € que se destinarán a mellorar as instalacións e investimento en led, e a unha modificación do contrato de viaqua tamén, e tamén en medio rural destacar e apuntar que se non me equivoco por primeira vez se adica unha contía que vai adicada á prevención de lumes en convenio coa FEGAMP e coa Xunta de Galicia, en turismo preténdese a potenciación do Museo da gaita de fole, como potenciador e motor do turismo no noso Concello e a apertura de novos roteiros e sinalizacións existentes. Finalmente en promoción económica preténdese a empregabilidade apostada pola formación de desempregados e ao desenvolvemento do plan de oportunidades de Barbadás elaborado coa Universidade de Vigo, aquí quero dicir que é o momento tamén por volver a incidir na necesidade dun financiamento xusto para as administracións locais que hai que subliñar que as administracións locais son as que sosteñen o déficit público do Estado



CONCELLO DE BARBADÁS

para cumprir con requisitos que marca a Unión Europea e sen embargo somos a administración máis próxima ao cidadá a que máis sofre por dicilo de algún xeito esas carencias e eses recortes e as que máis prexudicadas nos vemos por eses mesmos. Dicur que como pon aquí na memoria, os obxectivos de estabilidade que afectan aos que son os concellos, as administracións locais rematou con un superávit do 0,64% do PIB e sen embargo a administración central realmente non recorta no que lle marca á Unión Europea, e dicir tamén que a administración local está asumindo unhas competencias que son absolutamente impropias que son propias da administracións como pode ser o Goberno Central e a Comunidade autónoma e que sen embargo están asumidas polos concellos e que representan a nivel estatal un 26 % do conxunto do seu gasto, que ese 26 % tiña que ser asumido por outras administracións e que sen embargo son custeadas pola administración local que para poder facer iso en moitas ocasións teñen que facer exaccións doutros servizos que tamén son imprescindibles. Esta é o resumo da memoria polo tanto iniciamos a quendas de intervencións, neste caso correspóndelle ao señor Ramón Padrón, perdón, para presentar os orzamentos. Desculpa.

O sr. Fírvida toma a palabra (BNG): Boas tardes a todas e a todos. Como se manifesta na memoria de alcaldía dos orzamentos de Barbadás para o ano 2018, ten entre os seus obxectivos afondar nas políticas de benestar social no que o investimento para as persoas e as súas necesidades priman sobre outros criterios. Ademais de manter e mellorar os servizos que se estaban prestando no Concello en materia social e educativa, cultura e deportiva, moitas veces asumindo competencias que non son propias da administración local, como dixo o señor Alcalde, este Goberno segue camiñando cara o futuro, non nos conformamos co realizado ata o de agora e aínda que estamos orgullosos dos cambios introducidos e das melloras realizadas nas diferentes Concellarías seguiremos camiñando cara a prestación de máis e mellores servizos á cidadanía, e facemos isto a pesar duns orzamentos raquíuticos para un Concello da dimensión de Barbadás. Nos últimos 20 anos, os 20 anos anteriores a este Goberno, en Barbadás implementáronse políticas para desenvolver un urbanismo aberrante que implicou que a poboación do Concello aumentase de maneira bruta, máis esquecéronse á hora de deseñar as políticas para dar cumprimento as necesidades de toda esa poboación, agora correspóndenos a nós dar saída ás demandas dunha poboación superior ás 13.000 persoas e facémolo respectando as regras de xogo impostas dende o Estado, regras inxustas e antisociais, que afogan as corporacións locais, cun reparto na participación dos ingresos no



CONCELLO DE BARBADÁS

Estado que non atende ás necesidades específicas da poboación galega. Os orzamentos de Barbadás do ano 2018 ascenden a 6.694.602,41 € incrementándose nun 6,60% aínda que en realidade parte deste incremento dos ingresos xa está afectado a gastos concretos polo tanto non é manexable polas diferentes Concellerías. Quero explicar que este Concello ten uns orzamentos moi inferiores aos outros Concellos da provincia de Ourense con poboacións moi semellantes, o Concello de Verín supera os 11 millóns de euros, esta semana aprobáronse os orzamentos do Concello de Xinzo que ten 10.000 persoas escasas con 9 millóns de euros, 3 millóns de euros máis que Barbadás e isto se debe á observación da regra de gasto. No Concello de Barbadás cumprimos regra de gasto e estabilidade orzamentaria, iso nos obriga a adaptar as contías dos ingresos dos orzamentos ao que se nos permite polas leis que nos marcan dende o Estado Español invadindo competencias locais, e vou pór despois algúns dos exemplos. Cumprir a regra de gasto significa que se colle o último ano liquidado que foi o ano 2016, e o Estado Español só nos permite incrementar o gasto nunha porcentaxe, esta porcentaxe era do 1,6% no ano 2017, e do 4,1% no ano 2018, e a pesar que o Concello de Barbadás ten ingresos por enriba desas cifras, como digo, non podemos aumentar eses ingresos porque nolo impiden dende o Estado, repito, porque o Partido Popular no Estado Español non nos permite aumentar os ingresos nos orzamentos ordinarios, por iso cando o Partido Popular presenta alegacións no Concello de Barbadás a min gustaríame que entre esas alegacións fixera algunha alegación aos orzamentos do Estado Español e as regras, e as regras que nos impoñen dende o Estado Español para que deixar que exista este límite e entón ao mellor poderíamos facerlle caso a esas alegacións do Partido Popular porque teríamos máis ingresos para facer fronte a todos os gastos que vostedes nos propoñen un Pleno si, e outro Pleno tamén. Como dicía en canto aos orzamentos do ano 2018 créase unha bolsa de continxencias de 70.000 € que atendendo ao principio de prudencia queremos reservar para o posible incremento en gasto de persoal derivado da aplicación de aumento do IPC nos salarios dos traballadores e das traballadoras públicas. A partida do IBI de ingresos non experimenta practicamente ningunha variación debido como dicía á regra de gasto, hai moitas partidas en ingresos como o IBI rústico, IBI urbano, imposto de vehículos de tracción mecánica, imposto de actividades económicas, e participacións nos tributos do Estado, onde o orzamento liquidado no ano 2016 vai moi por arriba do orzamentado no ano 2018, pero repito a regra de gasto nos impide facer uns orzamentos con máis ingresos. A partida de IBI ademais o que aumenta é só un 0,92 e isto é derivado a que o Concello de Barbadás aplicou voluntariamente,



CONCELLO DE BARBADÁS

foi o único Concello da provincia de Ourense que aplicou voluntariamente o coeficiente reductor que nos permitía o Ministerio de Facenda para adaptar os valores catastrais ao coeficiente do 0,92 e adaptalos aos valores de mercado, isto supón unha rebaixa no imposto de bens e inmuebles de todos os cidadáns de Barbadás dun 8% co cal queda absorbido o incremento do último ano pola revalorizacións catastrais que comezaron no ano 2007 que remataban no ano 2017. Os gastos de persoal pasan de 2.747.000 a 2.971.000 aumentando en 224.400 € derivado na súa maior parte da consolidación dos salarios das traballadoras do servizo de axuda no fogar que no pasado tiñan un salario paupérrimos derivados das políticas de persoal do Partido Popular e que agora se lles aplica o convenio galego, e tamén dos trienios que se pagan neste Concello con carácter retroactivo a todos e a todas as traballadoras de Barbadás. Por outra banda existe unha necesidade de cubrir prazas para atender aos novos servizos creados no Concello, en cultura, en igualdade, en atención á muller, en mocidade, nos servizos sociais, en deporte e seguridade, e con todo isto somos quen de incrementar o capítulo de 273.200 € a 322.500 €. O capítulo de investimentos aumenta no Concello de Barbadás un 18% con respecto ao ano anterior. Por ir polas partidas salientando as cuestións máis importantes que reflicten estes orzamentos na partida de parques e xardíns recolleemos un incremento de 5.000 €, na partida adicada ao alimento para gatos e gastos de veterinarios para castración, para controlar as colonias de animais no noso Concello, tamén mantemos o convenio coa canceira de Ourense que xestiona Progape e que leva no noso Concello Protección Civil para que eles nos recollan os cans abandonados no noso Concello, en total a partida adicada a animais suma este ano 11.000 € sufrindo unha subida superior ao 65%, aumentamos tamén a partida adicada a transporte de biomasa de podas ata agora esta biomasa estaba almacenada nun solar propiedade do Concello de Barbadás, estaba absolutamente esquecido e abandonado ese solar con un montón de biomasa sen recoller, o ano pasado houbo que facer máis de 10 viaxes ao longo do ano para recoller a biomasa e este ano seguimos contemplando para recoller biomasa e levala as plantas de recoxeración eléctrica que hai e Allaríz e en Trasmiras, e por primeira vez no Concello de Barbadás incluimos unha partida para a prevención de incendios forestais, reservamos 9.500 € que temos previsto incrementar ao longo do ano con modificacións dos orzamentos para a prevención de incendios forestais para dar saída a unha demanda cidadá de toda Galicia que é a loita cos incendios contra os incendios e para iso esperamos que o señor Núñez Feijóo dea un paso máis e non quede só nun anuncio publicitario que culpabiliza ás administracións locais da



CONCELLO DE BARBADÁS

extincións dos lumes nos encomenda máis competencias como a limpa en terreos privados pero non se establece ningunha forma de convenio nin de colaboración, vamos a esperar desde Barbadás vamos a esperar que o señor Núñez Feijóo sexa quen de establecer un convenio coa FEGAMP ou cos concellos para traballar na extinción de lumes, e nós vamos a estar preparados vamos a estar atentos e vamos a ter a partida preparada para poder facer limpas non só en terreos públicos senón tamén en propiedades privadas. Na partida de transporte aforramos 17.000€ derivado da regularización da compra de bonobuses contrato que se firma coa empresa concesionaria da Xunta de Galicia, e sobre todo na regulación e control da súa venda. Na partida de servizos complementarios de educación aumenta 9.500 € que vai servir para ofertar almozos escolares todo o ano, non só dende o mes de setembro como pasou no ano 2017, vanse achegar almozos escolares nos dous colexios de infantil e primaria do noso colexio, do noso Concello, vai haber cambios nas actividades extraescolares para facelas máis atractivas ao alumnado, e no 2018 contémpanse 5 campamentos de verán no canto dos catro. Pois seguirei na segunda intervención, queda moito por dicir.

O sr. Alcalde toma a palabra: Señor Ramón está na súa quenda de palabra. Ten dez minutos.

O sr. Padrón toma a palabra (Grupo Mixto): Boas tardes a todas. Queríamos empezar dicindo que nós parece a presentación do orzamento tarde, creo que o goberno debería presentalo antes, e darnos máis tempos aos grupos políticos para preparalo. Dito isto, dende Compromiso por Barbadás temos que dicir, recordar, que no ano 2015 apoiamos un cambio aquí en Barbadás polo que vostedes están gobernando e administrando o orzamento deste Concello, pasaron de xestionar e grazas ao noso voto a favor no primeiro orzamento que se aprobou aquí 700.000 € a maiores coas críticas que recibimos de parte desa bancada ferozes por aquel voto a favor que son os 700.000 hoxe euros que ao tempo vostedes puideron xestionar para dar mellores servizos á cidadanía, daquelas o goberno incluso o señor Tenente alcalde, se reuniu con nós un día antes coa aprobación deste orzamento. No ano 2016 de novo presentaron os orzamentos, e foron quen de poñerse en contacto con nós para ver que pensábamos e está claro que polo noso a favor tiñan responsabilidade cara a nós. Daquela xa dixemos que íbamos a aprobar o orzamento aínda que non estabamos de acordo con moitas cousas que xa nos plantexáramos no 2016, pero que presentaríamos mocións realistas para que se viran reflectidas nese orzamento, neste



CONCELLO DE BARBADÁS

orçamento neste caso, sen embargo a nosa sorpresa que chegamos ao orzamento para o 2018, e presentóusenos a nós como se lle presentou ao resto dos partidos cando nós sempre apoiamos con lealdade a este goberno, e está aí e grazas ao noso apoio desinteresado, e polo tanto, son moitas as propostas que fixemos durante este ano e a nosa sorpresa xa digo non fai falta que nos chamen que se reúnan con nós nin nada diso para pactar un orzamento porque quen están gobernando son vostedes, e a vostedes lle corresponde a tarefa de redactalos, si que pediríamos non só para nós senón para o resto dos grupos que se presentaran antes, porque se agora houbera que facer algunha modificación pois aínda estaríamos a tempo e antes de acabar o ano, que redundarían nos cidadáns. Quero dicir que sen embargo se nós viramos nos orzamentos reflectido propostas nós trouxemos aquí a Pleno que temos dito por activa e por pasiva, pois tamén temos ningún problema non fai falta que se reúnan con nós nin nada, pero vemos que ningunha das propostas que nós presentamos aparte doutras que defendemos como o tema do campo de fútbol iso xa é algo que está á vista de todos que é unha reforma que hai que facer, non é porque o pidamos nós, ou o tema da limpa dos viarios levan dous anos vendo que o modelo non funciona entón agora van cara outro modelo que nós defendemos no seu momento pero vamos cae de lóxica, pero outras actuacións que pretendíamos como era que nos parecían importantes como era a colocación dun panel informativo para a cidadanía, a mellora no servizo do polideportivo municipal, incentivar a rehabilitación e reformas nos pobos para fixar máis poboación que redunda nos ingresos deste Concello, un estudio sobre unha radio pública municipal, nada, non aparece nada reflectido, polo tanto, sentímonos un pouco defraudados nese tema. Pero vamos vostedes teñen a súa política nada máis, simplemente facer unha reflexión sobre estes orzamentos como ven dixo aumentan 419.000 € ese aumento só 49.000 € son para investimento real o resto vaise en persoal. Polo tanto pouco van a redundar na cidadanía, por outra banda, vostedes están facendo algo que nos parece que están facendo mal, están creando máis servizos e máis gasto sen cubrir aínda moitos servizos que no Concello necesitan de máis adicación, estou falando da policía local, do polideportivo, das deficiencias nos pobos que hai que subsanar, vólvolle a recordar que as primeiras, o que primeiro ten que facer un Concello é atender os servizos básicos da cidadanía e logo e recordarlle unha cousa que tamén fala, falou vostede de Verín e Xinzo, Barbadás os ingresos do Concello é a xente, é o IBI, e o que nos aporta o Estado, é verdade o que di vostede que nos debería aportar moito máis, a Deputación, pero iso é o que hai



CONCELLO DE BARBADÁS

que coidar, entón vostedes que teñen que facer políticas para que en Barbadás veña a vivir máis xente porque iso é ingreso para o Concello, de contribución, de vehículos, e de gasto no comercio local, e nós vemos que vostedes non están traballando nestes orzamentos que nos presentan cara iso. Logo teñen uns, si que son herdados, teñen uns gastos en deporte, en cultura, en educación, que son bastantes importantes e que levan unha parte moi grande do orzamento, tamén se debían facer unha reflexión si o gasto en deporte que ao mellor teñen unha escola, unhas escolas deportivas que ao mellor necesitarían outro tipo de xestión que fixera que o Concello tivera que investir menos cartos aí, porque se pretenden máis servizos coma é a casa da mocidade, e temos tamén a escola de música, entón teñen que pensar que o, temos que medrar en ingresos, non temos polígono, nin están traballando para que teñamos un polígono tampouco, non traballaron os gobernos anteriores, este goberno segue sen traballar, non se dá ningún mínimo paso para que dentro de 10 anos, xa non falemos dun ano ou dous, dentro de dez anos haxa a posibilidade dunha gran empresa, ou dúas, ou tres, se monten, xa non vamos a falar dun polígono industrial en Barbadás, xa non vamos a falar dun polígono industrial porque xa temos, porque está a zona Barreiros, está a zona de San Cibrao, pero un polígono comercial para grandes empresas de comercial, e que nin sequera hai nin o máis mínimo feito. Polo tanto iso son ingresos para o Concello, se vostedes pretenden dar moitos servizos, coma non teñen ingresos, non vai xerar nada e iso vai ir a costa do contribuínte, entón miren, miren por traballar para que en Barbadás veña a vivir máis xente, porque senón os ingresos para tanto servizo cada vez imos a menos, e traten de cubrir os servizos básicos, xa dixen antes policía local, o polideportivo, que debe estar ben cuberto para dar o máximo servizo posible, ou sexa o que teñen cúbrano ben, e os novos, e logo se temos cartos para novos servizos pois adiante con eles, agora non cremos no gasto que se pretende en turismo, non o cremos, estase gastando un montón de diñeiro cando por exemplo non hai nada para incentivar a compra de vivenda ou a rehabilitación de vivenda nada, non pensan en nada diso, pero iso é un investimento cara o futuro, dicirlles que levan gastado 600.000 € case en fomento do emprego, en comercio, en pequenas e medianas empresas, eu non sei se teñen os datos de todos os negocios que se crearon nestes tres anos en Barbadás, ou en que se rebaixou o paro, quero pensar que si. Moitas grazas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas a vostede. Ten a palabra a señora Fina Varelas.



CONCELLO DE BARBADÁS

A sra. Varelas toma a palabra (Democracia Ourenzana): Boas tardes a todos, ao público e aos compañeiros. Eu vou, estes presupostos voulle chamar un nome, quita aquí e pon alá. Son uns presupostos, quito 1.000 de aquí e mándollo 1.000 para alá. Votei dous días, non enteiros obviamente, comparando os orzamentos do 17 e os do 18 e levaba pois tempo con eles e digo aquí estamos 500 de aquí, 1.000 € de alá ao final aburrínme porque son uns orzamentos, ídesme a deixar dicilo ridículos, ridículos vouvos explicar no sentido, o sentido é o seguinte o 80%, 85, xa temos onde gastar o diñeiro, hai un diñeiro que o levan obviamente os traballadores e seguridade social e os edificios que nós temos que temos que manter, entón, quédannos apenas diñeiro para facer máis cousas, que pasa con iso?, que os cidadáns protestan porque o ven é que estase cubrindo todo mal e hai pois queixas, que pasa, que os cidadáns non saben porque non o saben e ignoran a gran maioría deles é que son uns orzamentos ridículos en canto a diñeiro non temos diñeiro, gobernar sen diñeiro é difícilísimo, iso non hai quen dea gobernado, porque eu comparo imaxinádevos unha casa que cobra unha Risga, unha persoa 400 € e xa ten 300 € de letra de aluguer que pode facer con eses 100 € por moito que estire, por moito que quite non da feito nada, por iso lle chamo os orzamentos quita de aquí e pon alá. Temos que un problema e o problema é o seguinte para solucionar as cousas temos que ver onde estamos en que punto estamos estamos nun punto malo, porque a cidadanía non viu o cambio de goberno, si sabe que están gobernando outro partido político pero non o viu, non chegou a cidadanía, porque non chegou, porque non houbo medidas drásticas, nin houbo medidas de verdade, foi unha continuación de algo, porque foi unha continuación, porque non hai diñeiro para facer cousas nova, de onde vimos, vimos dunha especulación inmobiliario, vimos dun Concello que puido ser rico e foi rico, onde entraba diñeiro, ou polo menos tiñan que entrar en licenzas púidose facer cousas moi boas, cousas maravilosas e non se fixo tantas cousas maravilosas porque o tema das augas de Loiro, non veñen de agora nin hai dous anos, nin hai tres anos, ese problema xa ven de hai moitos, pois fai 10 anos cando había a burbulla inmobiliaria os Concellos, sobre todo o noso que era rico sobre todo en licenzas, puido haber investido aí, e agora preténdese cuns orzamentos ridículos facer un gran investimento e o problema é que non hai de onde rascar nin hai de onde tirar. Fixéronse edificios que estiveron mirando, véxase o edificio que temos aquí ao lado que senón se lle da destino hai que devolver o diñeiro que nos mandaron polo tanto foi unha xestión mala para quen lle foi pero para os cidadáns non, que pasa?, que non se viu tan mal



CONCELLO DE BARBADÁS

o goberno porque cando hai moito diñeiro hai para todo, entón, en principio non se viu mala, que pasou con eses gobernos, que nos trouxo a actualidade, e a actualidade é un goberno que ten as mans atadas porque non hai presuposto para nada, por moito que si haxa 100.000 € que estou en contra sempre o dixen do campo de fútbol, non estou en conta do deporte, para nada, Deus me libre de dicir tal cousa, pero 100.000 € hoxe fannos falta para outras cousas que para min son máis necesarias, pero é a miña batalla, non pretendo que me entendades, simplemente eu escoito ao pobo. Fáltame por exemplo o tema da policía local, o tema da policía local é algo tamén herdado, porque aquí herdamos todo, oxalá herdáramos cousas moi boas, é un tema herdado que agora protestan, protestan con toda a razón do mundo, protestan porque o que non pode andar é un policía local só, nunca pode andar un policía local só, un policía local se temos 6 non poden ter só 2 chalecos, terían que ter 6, non estou de acordo con tres nos arraxamos, por que, porque hai diferentes medidas, unha persoa de dous metros non pode levar un chaleco dunha persoa que mide un metro setenta, todos teñen que ter as súas cousas, para defender, desempeñar ben o seu traballo, non estou de acordo en que traballe que unha persoa teña que traballar tres festivos seguidos ten que haber unha rotación, polo tanto a min tres auxiliares, dous no verán e un no nadal, para min son insuficientes, podendo contratar 6 penso que a seguridade cidadá é moi importante sobre todo e ben vistes o ano pasado polo tempo do nadal o de roubos que houbo fai pouco en A Valenzá nun edificio entraron a roubar que pasa, que senón temos presenza policial isto é un caos, aparte do tráfico de A Valenzá por aí xa non se aparca en dobre fila, apárcase en quinta fila, ou sexa, hoxe cruzar A Valenzá pódete levar unha hora porque hai coches obstaculizando todo, non hai policía suficiente para poñer orde, porque a xente por desgraza senón ve un policía non fai caso, fai o que lle da a gana. Partida para os animais, a min cando vexo unha partida para castración de gatos, digo vamos a ver, en Barbadás é máis que gatos, hai cans, e paréceme que especificar para castración, non, pois para axuda, ou para alimentar, ou para coidar os nosos animais, esa palabra castración vamos, non me parece nin axeitada e volvo a repetir hai moito máis que gatos, hai cans. O tema do museo da gaita, vamos a ver, hai moitos compañeiros aquí que están en desacordo con iso, e eu podo dicir funcionará ou non funcionará a xente é a que nolo vai dicir, pero peor estaba o edificio baleiro como estaba un bo edificio mirando para o aire como estivo e senón chegamos a facer nada nel, habería que devolver o diñeiro do que custou ese edificio, dicídeme por favor se iso é viable, por tanto, aposto pola xente que



CONCELLO DE BARBADÁS

polo menos ten ideas porque coas ideas poden ir ben poden ir mal, pero polo menos intentas menos intenta ter un edificio dez anos, quince anos, pechado. Vamos a ver aquí temos que pensar no futuro, falei do presente, falei do pasado, hai que pensar no futuro. Barbadás non vamos ter polígono industrial porque non se fixo no seu momento a xente marcha para San Cibrao e é o que hai. Solo para comercio señor Padrón está moi ben pero vostede sabe que o PP gastouno todo, hoxe non temos solo, hoxe hai un supermercado que quere implantar en A Valenzá e non temos solo para deixarlle facer un supermercado, porque o solo comercial esgotárono co Carrefour, dígollo para que o saiba non porque a súa idea é boa pero non o temos, entón, en que podemos apostar, fixestes un estudo que fóramos a A Valenzá alí un señor explicounos ben explicado pero eu só lle vexo unha saída a isto, aparte dos 14.000 veciños máis ou menos que somos ou 13.000 ou 14, que só estamos censados 10.500, 10.600 arriba ou abaixo, temos que conseguir que estea censado todo o mundo, porque nós recibimos só de 10.500, 10.6000, pero é que nós estamos dando servizo a 14.000, entón hai que seguir coas campañas de empadroamento, por outro lado temos que conseguir que a Deputación deixe de mirar cores e partido políticos e empece a ser equitativa cos outros concellos, porque nós estamos dando servizo a moitos veciños e non poden antepoñer ideoloxía e cores sobre estas necesidades, outra cousa que me preocupa e que non ten nada que ver cos orzamentos é que ultimamente escoito que hai moito malestar compañeiros con compañeiros falo de funcionarios, traballadores, eu pídolles, non sei quen ten a razón porque eu non traballo aquí non estou aquí todos os días, eu non son xuíza nin son Deus para darlle a razón a uns ou a outro pero pídolle polo ben dos veciños, por ben de todos que aparten as súas diferencias un pouco ao lado, e que loitemos por este Concello que non está ben, entre todos podemos chegar a facer algo bo, é un rogo que lle fago como Fina Varelas aos funcionarios do Concello, que aparten as diferencias que se unan independentemente de quen teña ou non teña a razón. Que dicirvos, que temos que pensar no futuro, o futuro pode pasar por o turismo, si, a ver, está claro que Ourense aposta polo turismo termal, Gonzalo di que o turismo termal di que é un bluff que non funciona, non funciona porque non se sabe facer funcionar, porque en toda Europa onde hai termas, funciona, porque aquí non, nós estamos a carón de Ourense. Sigo na segunda intervención. Grazas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas a vostede. O voceiro ou voceira do Partido Popular está na súa quenda de palabra. Voceiro.



CONCELLO DE BARBADÁS

O señor Fernández toma a palabra (PP): Boas tardes a todas e a todos. Vaia por diante que lles estamos a nomear a estes orzamentos, os orzamentos para Barbadás do ano 2018 é nada máis lonxe da realidade, estes son os seus orzamentos afastados totalmente da realidade, pero, vamos a mirar como podemos solventar unha situación que vostedes non son quen, que están aí, problemas da rúa e que non lles están a dar unha solución nin se implican realmente. Nós esta mañá unha serie de emendas ao mellor que puidemos o máis clarificantes posibles dentro das nosas posibilidades e que lles pasei a cada un dos grupos, que lle pasamos a cada un dos grupos. Temos que salientar como parte importante que sería necesaria unha revisión en profundidade da proposta orzamentaria para o ano 2018 que nos presentan, axustala para cubrir outras carencias que se perciben e que non se recollen entre as emendas que presentamos pero que agora lles vou a pasar a detallar. Entendemos moi avultadas en proxectos técnicos e traballos para outras empresas así como o incremento do gasto do servizo da limpeza, a tardanza á hora de elaboración dos orzamentos e a de facérmolas chegar aos grupos non fai posible que a veciñanza teña coñecemento a través dos seus representantes de onde van a ir investidos os seus cartos coartando así a introdución de melloras como dicía o noso compañeiro Ramón Padrón, mailo exposto e despois do traballo realizado polo noso grupo nestes días, dende que nos chegou esta proposta, caben salientar as seguintes carencias, escasa dotación orzamentaria para o comercio local, falla de achegas que revistan no rural podíamos denominar estes orzamentos os máis afastados da realidade do rural, non se potencia a cultura no xeito que facía noutros gobernos que levaron a Barbadás a ser un dos referentes provinciais neste eido. A promoción turística non xirar única e exclusivamente sobre o museo da gaita de fole, sen gaitas e sen fole, xa que o verdadeiro potencial atópase dende hai tempo no patrimonio rural que temos na riqueza natural e na paisaxística da que dispoñemos. No tempo de lecer e deportes non se aborda unha mellora da infraestrutura da piscina municipal senón que se investiron case 70.000 € para agora estar en pésimas condicións, nin dar os servizos que reclama a cidadanía. No eido na participación cidadá non se teñen en conta as demandas presentadas polos veciños a través dos distintos grupos municipais tamén o nomeaba o señor Padrón, veñen as propostas ao Pleno, son propostas importantes que recabamos de toda a cidadanía presentámolas aquí saen aprobadas pero xa sabemos que as mocións non son vinculantes, pero polo menos que lles caia a cara de vergoña e implicarse nas propostas cidadáns, estanse a rexeitar, como ben digo, propostas nas



CONCELLO DE BARBADÁS

distintas sesións plenarias con esa escusa. O aumento de persoal nas principais áreas municipais non se contempla nas propostas orzamentarias, iso si, dótanse orzamentariamente postos de traballo para que aínda non se creou servizo de dubidosa repercusión social, non se fai mención a unha necesaria relación de postos, RPT, aínda que si se mercou unha caixa forte para resgardala e se pagou a súa factura que recolle unha reestruturación de persoal e igualdade en salarios, complementos e niveis entre os mesmos grupos, entre os detalles das emendas que numeramos da 1 á 3, empezamos pola emenda primeira que todos teñen diante e destinaríanse os 73.500 € de aforro polo peche dos centros de saúde o incremento de dous gardas da policía local en plantilla, e o cambio da comisaría para o antigo centro de saúde de A Valenzá, prescindir da contratación dos tres auxiliares da policía para os meses de verán e decembro xa que non mellorarían a problemática do servizo por ter que ir en sempre acompañados dun garda, co cal aínda repercutiría nos cuadrantes e teñen ademais unhas funcións moi limitadas, ademais no noso Municipio existe un volume importante de servizos xa non só nos meses de verán, tres meses de verán e de decembro, senón ao longo de todo o ano. Prescindir tamén dos custos que supoñen o museo da gaita de fole e dinamizador cultural, temos que prestar especial importancia necesidades máis básicas e necesarias a día de hoxe. A nova situación da comisaría da policía local podería ocupar a metade do inmovible que foi destinado ao antigo centro de saúde de A Valenzá o que diminuiría o seu custo e do que se utilizaba para o mesmo, dispón ademais de prazas de aparcamento para vehículos oficiais e está preto da cidadanía nun lugar visible, accesible que contribuiría a disuadir e a mellorar a seguridade viaria, á vez aumentaría o espazo dispoñible para o incremento de efectivos con distintas melloras de cara ao futuro, xa que debemos afrontar os novos retos en seguridade que se nos están a presentar día a día. Xa tratando a emenda segunda o deterioro falta de mantemento antigüidade das redes de saneamento e abastecemento de auga nas distintas localidades de Barbadás, non contribúen a preservar un ben que nos últimos tempos faise tan necesario, cómpre achegar medidas que axuden a paliar a perda de auga que se está a producir nas mesmas, e mellorar a salubridade para a poboación pois moitos tramos están construídos con materiais en desuso e prexudiciais para a saúde, a actual situación da seca pon de manifesto esta necesidade resulta inconcibible non adicar ningún tipo de partido a esta problemática, agora mesmo fáltame explicar a emenda 3 que o farei na segunda



CONCELLO DE BARBADÁS

intervención porque agora o restante da miña primeira intervención llo cedo á miña compañeira Chelo Vispo.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten a palabra a señora Chelo. Van 5 minutos 45 segundos.

A sra. Vispo toma a palabra (PP): En seguridade cidadá e viaria como ben explicou. Boas tardes a todos e a todas, perdoades como xa levamos un rato no Pleno, boas tardes a todos. En canto seguridade cidadá e viaria a súa memoria fai referencia ao centro de saúde situado en Barbadás e a A Valenzá, isto leva a que se aforre do orzamento 73.000 € con referencia ao 2017, vostede podería pensar na seguridade cidadá como ben o meu compañeiro lle fixo unha emenda. Todos sabemos que a policía que nos presentou a todos os grupos políticos e para nós neste momento nestes orzamentos é o centro de atención, a policía, temos seis policía neste momento e a seguridade cidadá e viaria está en cero, é dicir, eles no mes de decembro comentounos que está un policía só, si neste momento que teñen que estar polas mañás nos centros escolares estarían, hai un accidente na outra esquina, na outra punta de A Valenzá teñen que priorizar a seguridade dos nosos pequenos a un accidente, iso é o que pode pasar, creo que os orzamentos tal e como se presenta a emenda a nos intención é que dos orzamentos do que se aforra do peche do centro de saúde, tanto de A Valenzá como de Barbadás, se meta para meter a dous persoas en plantilla da policía, deixámolo aí. En canto á sanidade en dita partida deixan 4.500 € para realizar talleres de memoria xa que se levan realizando no Concello en anteriores legislaturas, nin un só euro para programas de saúde para os nosos de maiores, nin para embarazadas, programas de alimentación para os nosos mozos, e aínda encima cargáronse o centro de saúde de Barbadás, sempre que prometeran señor Sarín de que seguiría aberto, grazas que o PP velando pola saúde e a sanidade e hoxe temos un gran logro o centro de saúde de A Valenzá, que está funcionando ao 100% dando cobertura a toda a poboación de Barbadás, ata tivemos que traer mocións dando apuntes das melloras de accesibilidade a ese centro, como a subida do autobús urbano que neste momento está levando a cabo de goberno con gran éxito entre os veciños. En cultura, xuventude, gardería, administración xeral de educación, quero que vexan que partidas son do PSOE e que partidas son do BNG porque ao final no..., iremos debullando un pouco o que son os orzamentos. En administración xeral de educación un incremento de 5.700 € para mellorar as actividades referentes á educación dos nenos de Barbadás, e nos explican nas comisións que é para



CONCELLO DE BARBADÁS

incrementar as horas da aula de reforzo, iso non o cree ninguén, da limpeza, non será para pagar vellas débedas na empresa en limpeza, mire, menos mal que o Partido Popular deixou os deberes ben feitos como dicía antes a señora Fina Varelas e o noso compañeiro o señor Padrón, hai unha herdanza que grazas a Deus está aí, e seguen mantendo os servizos prestados durante anos, antes da aula de reforzo para primaria e ESO, reforzo de inglés, etc... en relación á gardería indícanos na memoria o señor Alcalde que hai un aumento de partida de 2.000 € isto quere dicir señor Alcalde que pensarán os pais dos nenos da gardería que antes non se lles daba, vostede díxoo nas comisións, correctamente de comer con produtos axeitados, vostede responde, díxoo na comisión, vostede responde ante as nosas preguntas que é un incremento dos prezos dos produtos, diga entón que é un axuste de prezos, pero non incremento como venden na súa memoria. Aumenta en 30.000 € en servizos complementarios de educación para contratar persoal temporal na escola de música, mire, cumplan cos cumprimos, si está na partida, mire cumplan cos compromisos que o Partido Popular trouxo na súa última moción, non me pare agora logo explícollo. Na última moción ante as inquietudes que hai na escola de música aquí levouse a cabo e aprobouse por todos os grupos facer unha mesa de negociación, póña en marcha, poñan as mocións que traemos.

O sr. Alcalde toma a palabra: O tempo está cumprido.

A sra. Vispo toma a palabra: Vale, sigo logo. Moitas grazas señor Alcalde

O sr. Alcalde toma a palabra: Van dez minutos xa pasados, non, non está mal. Ten a palabra vostede son 15 minutos para cada un dos grupos.

O sr. Fírvida toma a palabra: Eu estaba facendo antes un relatorio por áreas por Concellarías das cousas que consideramos máis salientables e as mudanzas máis importantes para o ano 2018, pero hai outros servizos que se puxeron en marcha nos últimos anos, nos servizos sociais por exemplo, servizo de axuda no fogar, invístese máis diñeiro non só para pagar como dicía eses salarios paupérrimos que tiña establecidos o Partido Popular para estas traballadoras, senón que ademais o servizo funciona todas as tardes e tamén as fins de semana co Partido Popular só había servizo de axuda no fogar polas mañás, hai máis diñeiro para emerxencias sociais, hai máis diñeiro para o banco de alimentos que é o que serve ás familias con maior necesidade do noso Concello, hai máis diñeiro para a escola infantil, señora Chelo, claro que hai máis diñeiro, parece que a vostede lle parece mal que poñamos máis diñeiro para alimentos, como o resalta como algo



CONCELLO DE BARBADÁS

negativo, e hai un cheque de axuda para os nenos e as nenas do noso Concello que quedan sen praza na gardería públicas para poder acceder ás garderías privadas, iso si, situadas no Concello de Barbadás non como propuña vostedes que o fixéramos en calquera outro Concello da provincia. En cultura, mire, comparar a cultura que se está desenvolvendo nestes tres últimos anos en Barbadás coa que se desenvolvía coa xestión do Partido Popular eu creo que resulta absolutamente innecesario, porque a cidadanía sabe moi ben o que está sucedendo en Barbadás coa cultura, houbo unha revolución cultural no noso Concello, tanto en actividade como en fomento da cultura como na calidade das actuacións, como na programación realizada, e senón pregúntelle vostede a calquera persoa do noso Concello, si, porque parece mentira, foron xustamente a tocar un dos temas onde máis avanzou o noso Concello, e seguimos avanzamos, queremos contratar un dinamizador cultural para impulsar a actividade cultural, por certo actividade cultural que agora se desenvolve en Barbadás está baseada nas potencialidades artísticas, culturais, e musicais do noso País, de Galiza, non como antes que estaban moitas veces no que residían no Estado Español. Teñen vostedes a teima tamén vostede o señor Padrón, co turismo, eu non sei se vostedes saben que o turismo é un dos grandes motores económicos que move hoxe, non digo xa só a Galicia, nin ao Estado Español, senón a todo o mundo, o turismo é un gran motor económico, pero é que ademais de ser un motor económico, é tamén un dos puntos que fai que se sente orgulloso a xente e a cidadanía dunha cidade ou dun concello, que se sintan orgullosos de pertencer a un entorno, que se sintan orgullosos de poder dicir por aí fora de que Barbadás ten outras potencialidades artísticas, culturais, patrimoniais, aparte do urbanismo, porque ata agora Barbadás era coñecido por dúas cousas, por ser o dormitorio de Ourense, ou por ser un Concello onde houbo especulación urbanística, esas eran as dúas cousas polas que se coñecía Barbadás e calquera lugar de Galiza, e agora nós estamos empeñados en que se coñeza por outros valores, e para calquera persoa eu creo minimamente, non sei como cualificalo, pero calquera persoa que estea na actualidade sabe que a apertura dun museo é unha riqueza inigualable para un Concello porque nos sitúa, nos sitúa, nos identifica, nos singulariza fronte os outros concellos da provincia, nos diferencia, temos un efecto diferenciados, temos un vantaxe competitiva en Barbadás que nunca tivemos, o museo da gaita de fole para que saiba vostede, antes de que finalice este ano 2017, vai ter gaitas, vai ter ferramentas, si, si, pero é que vostedes non saben o que é un museo conceptual, vostedes pensaban que un museo era un almacén de instrumentos, un



CONCELLO DE BARBADÁS

almacén de instrumentos, iso é o que pensan vostedes, pero nós baseamos todo na mellora da calidade, e polo tanto nós temos un museo que se diferencia do resto porque é o único non en Galiza senón no Estado Español, e non coñecemos ningún en Europa que teña o que ten o museo de Barbadás o que pasa é que deberían ir a velo, deberían ver o que poñen os paneis, que está baseado en estudos historiográficos dende a alta idade media, iso é o que vostedes non saben, e ese museo vai ir apoiado con instrumentos que reproducen, instrumentos da idade media, non vamos a acumular alí gaitas que todo o mundo pode coñecer, verdade?, porque todo o mundo sabe o que é unha gaita, ata aí chegamos, e o que é un pandeiro, aí se van a reproducir instrumentos medievais e un taller de obradoiro de música de instrumentos tradicionais, e senón ao tempo, xa veremos, xa falaremos do museo e moitas veces, aparte a área de turismo non inclúe só o museo, o museo é unha das facetas, un dos eixos, pero promove tamén a creación de novos roteiros para coñecer o Concello limítrofe con Ourense que podemos dar traída a toda esa xente que visita o noso Concello o día a día, incluso que veñen camiñando, pero mire nós miramos cara o futuro non nos paramos no pasado, da igual que vostedes digan que estamos repetindo orzamentos, nós miramos cara o futuro, e como miramos cara o futuro, queremos seguir prestando mellores servizos ao Concello. En Barbadás estamos fartos de dicir que é un dos Concello máis novos de Galiza, que temos unha das pirámides poboacionais coa base máis anchas, temos máis de 2.500 mozos e mozas e idade superiores aos 12 anos e menores de 25 anos, e todos eses 2.5000 mozos e mozas non teñen nin un só lugar onde meterse, temos un espazo infantil onde se desenvolven actividades para nenos e nenas ata os 12 anos de idade pero non é un lugar onde se poidan atopar a mocidade do Concello para desenvolver as súas actividades, polo tanto para nós consideramos que é fundamental abrir unha casa da mocidade, e para abrir esas casa da mocidade señor Manuel, é imprescindible que orzamentemos o persoal que o vai a atender, porque senón non se nos permitiría abrila, é certo ábrese cunha partida moi modesta catro mil e pico euros que seguramente non vaia cubrir todas as necesidades, pero é unha partida de inicio para poder atender nese caso, no caso de que podamos abrila antes de que finalice o ano 2018, esa casa da mocidade, para que asista o asociacionismo xuvenil, para que se podan desenvolver actividades e para que sexa un punto de encontro da mocidade do noso Concello, eu creo que isto non debe molestar a ninguén. Temos tamén partidas para o centro de información á muller, no ano 2017 foron asasinadas por homes pola violencia machista 44 mulleres, en 15 anos vai 885



CONCELLO DE BARBADÁS

mulleres asasinadas, polo tanto para nós é fundamental seguir loitando contra a violencia de xénero e tamén pola igualdade entre homes e mulleres, existe máis dun millón de denuncias pola violencia de xénero dende o ano 2009, nós queremos que en Barbadás exista un centro de información á muller para recoller todas esas denuncias e para traballar e dar pasos realmente importantes e non só cuestións litúrxicas, senón pasos reais para a igualdade de xéneros, e claro, por certo para volver sobre o que dicía o señor Ramón, non é certo que non lle fagamos caso ás súas mocións, coma as súas tamén señora Fina, non é certo, non é certo, están encargados tres paneis informativos para o Concello de Barbadás, tres mupis, o que pasa é que non van ser luminosos, non van ter internet, non van custar cada un 27.000 €, van ser moito máis modestos como existen en moitas localidades de Ourense, ou por exemplo no norte de Portugal, son mupis informativos que van estar localizados en zonas de maior tránsito, situados en A Valenzá neste caso para poder ter toda a información municipal acaecida. Fíxose o muro de A Barxa que foi unha proposta do señor Ramón, fanse campamentos no rural o que supón a dinamización do rural do noso Concello, si fanse campamentos que antes non se facían, antes só se facían en A Valenzá. Fala do polideportivo non sei que eivas ve vostede no deportivo, eu creo que cando falei co Concelleiro de deportes eu creo que todo o que se puido investir o ano pasado se investiu, este ano vaise investir en outras cuestión, e eu creo que esa demanda está máis que satisfeita. Policía local algo moi recorrente incluso o Partido Popular presenta hoxe unha emenda, porque nos presentan unha emenda aos orzamentos do Concello de Barbadás, porque non os presentan, non lle presentan unha emenda ao señor Montoro, en Barbadás a ver se nos enteramos dunha vez, non podemos contratar funcionarios porque o señor Montoro que se contrate funcionarios, non, dá igual que se rían pero é así, non existe a posibilidade de incrementar a plantilla de persoal laboral indefinido ou de funcionarios, non, díganos vostede como por que non, é que non se pode, dá igual, pero é que isto é, en fin, non se pode, ata hai pouco, ata o ano pasado había o 70% de reposición de efectivos na función pública, é dicir, de cada 10 persoas que se xubilaban podíanse repor 7 persoas novas, agora cos novos orzamentos do ano 2017 creo que a reposición está 1 a 1, hai que esperar que se xubile unha persoa para contratar outra pero non se pode aumentar a plantilla de persoal indefinido nin de funcionarios, polo tanto, a culpa de que non existan máis policía locais en Barbadás é do Partido Popular, si, si claro, si, porque este goberno está disposto a aumentar esa partida en canto sexa posible, en canto sexa posible



CONCELLO DE BARBADÁS

aumentaremos a plantilla de policía local de Barbadás, en canto sexa posible, como hoxe non é posible non podemos aumentala non sexa vostedes hipócritas non presenten cousas en Barbadás que saben que non podemos cumprir e vostedes son coñecedores diso tan ben coma nós. Aumento de ingresos señor Ramón, puxemos en marcha unha campaña de empadramento porque Democracia Ourensana presentou unha moción e votámola a favor, a campaña de empadramento xa está funcionando en dous periódicos os dous maiores periódicos da provincia de Ourense, está funcionando con cuñas na radio local de Ourense e hai cartelería que se vai a pór por todas as dependencias municipais de Ourense, informando á cidadanía de cales son os servizos que presta o Concello de Barbadás e reclamando que se cense porque eses servizos funcionan grazas ás persoas que están empadroadas, esa campaña está elaborada e está en marcha e se vai a desenvolver ao longo de todo ano 2018 queremos mantela no tempo para que as persoas que residen no noso Concello e non están empadroadas se empadreen en Barbadás, pero mire señor Ramón, aínda que se cense máis persoas en Barbadás, aínda que aumentos os ingresos non vamos poder aumentar a partida de gastos de Barbadás ata que o Partido Popular elimine no Estado Español a regra de gasto que era o que explicaba eu na primeira intervención, a regra de gasto do Partido Popular nos impide a pesar de que temos máis ingresos xa na liquidación do ano 2016 temos ingresos liquidados dos que figuran no orzamento do ano 2018, e non podemos incluílos nolo impiden as leis de Montoro, por iso digo eu que cando o Partido Popular hipocritamente nos presenta emendas para que incrementemos o gasto é que non podemos incrementalo porque nolo impide as normas, e por último eu quero facer unha reflexión nos falaba da herdanza a señora Consuelo Vispo e Manuel a herdanza recibida do Partido Popular e nos presentar emendas eu de verdade a metade do seu discurso eu o subscribo, moitas das cousas das que vostedes propoñen a nós gustaríanos realizalas, coma as que propón o señor Ramón e as que propón a señora Fina, a cuestión é que non temos diñeiro para poder elaboralas, pero voulle facer unha comparativa, ano 2015 investimentos do último orzamento do Partido Popular 173.000 €, ano 2018 investimentos do goberno novo 322.000 increméntanse as inversións reais en 86%, dende o Partido Popular o ano 2018 hai un incremento das inversións reais do 86%, non é unha casualidade do ano 18, xa sei que me van a falar do polideportivo porque o ano pasado a partida para investimentos era 273.000 con un incremento do 57%, examine vostede os orzamentos do ano pasado, eu fíxeno. Na área de gasto o Partido Popular tiña área de gasto e área de gasto



CONCELLO DE BARBADÁS

2, figura nos orzamentos, asistencia social primaria e fomento de emprego, o Partido Popular nos presenta unha emenda sobre asistencia social e o fomento do emprego partida do ano 2015 do Partido Popular 479.000, partida do ano 2018, 710.000, incrementábase nun 48%, este goberno incrementa un 48% as partidas a servizos sociais, ano 2015 área xeral de servizos sociais 328.000, ano 2018, 560.700.

O sr. Alcalde toma a palabra: Ninguén interrompeu ata o momento durante uns momentos si que o fixeron estanos tomando o pelo e cousas así creo que o debate foi sosegado

A sra. Vispo toma a palabra: Estamos falando entre nós.

O sr. Alcalde toma a palabra: Foi sosegado, por favor. Quédalle un minuto.

O sr. Fírvida toma a palabra: E este tempo que me acaba de sacar señor Alcalde.

O sr. Alcalde toma a palabra: Non está sumado.

O sr. Fírvida toma a palabra: O malo señora Chelo de levar tantos anos no Concello e que vostede estivo oito anos con responsabilidade de goberno e tivo oportunidade de facer uns orzamentos máis sociais e non os fixeron, nós si, nós pasamos de 328.000 a 560.000 aumentamos un 70% o gasto social que vostede nos deixou, esa era a súa herdanza. Comercio, métenos unha emenda polo comercio, atención, lles parece pouco diñeiro que utiliza este goberno no comercio, saben canto usaba no Partido Popular para comercio no ano 2015, cero euros, non existía esa partida, non existía e agora nos meten emendas para que gastemos máis en comercio, non, non existía, cero euros, promoción turística cero euros, iso si houbo un cambio significativo órganos de goberno co Partido Popular 215.500€ e agora se gasta 193.980€, 21€ euros menos a pesar de que pasamos de tres grupos municipais a cinco, a pesar de que pasamos de 13 concelleiros a 17, a pesar de que pasamos de tres xornadas e media de traballo a catro xornadas completas se gasta menos en actividade política.

O sr. Alcalde toma a palabra: Grazas. 15 minutos 39 segundos, non, non son 5 minutos, son 15 minutos 43 segundos agora, polo tanto cumpre co tempo. Señora Chelo creo que as normas de xogo faláronse nas comisións informativas entón se lle houbera cedido no seu momento ou a vostedes tamén un minuto dos adicionais pois xa está, pero está explicado, non?. Está na segunda quenda de palabra



CONCELLO DE BARBADÁS

O sr. Fírvida toma a palabra: Só unha cousa desemprego en Barbadás un 4%, o 4% cincocentas e pico persoas de máis de 11.000 censados, nada máis.

O sr. Alcalde toma a palabra: Señor Ramón, está

O sr. Fírvida toma a palabra: Pois comproba porque está nas estatísticas do INEM, estou dicindo os últimos datos publicados, Manuel, por Deus, claro pois dimo ti, eu mirei as estatísticas e son esas.

O sr. Padrón toma a palabra: Eu quixera que me dixera o desemprego real que hai no Concello, os comercios e empresas que se crearon, e os autónomos que se deron de alta no Concello. O tema do que comentou ao final dos órganos de goberno, foi unha aposta nosa, que foi cando dependían moito de nós, agora como xa non dependen tanto... e acórdase tamén que lle dixó a señora do Partido Popular eses 300 de investimento a maiores do 2015 ao 2016, acórdese tamén que foi grazas aos 700.000 € que nós, co noso voto a favor conseguimos que vostedes tiveran na man para gastar, para investir senón pois por suposto diría o Partido Popular seguramente non poderían ter ese investimento real concordará comigo, aínda que quixera, cos 5 millóns e medio de euros uns presupostos prorrogados non creo que puidera ser señora Fina, que se necesitan cuartos pero acórdese vostede que de aquelas trababa aqueles 700.000 €, que non contaría o goberno para traballar por este Concello. Señor Fírvida o muro de Barxa é unha responsabilidade do Concello facelo, eu non llo pedín, eu pedín, trouxemos a moción porque o muro estaba caído e era unha seguridade viaria que tiñan que facelo non é que o fixeran porque o pedimos nós, e que o tiñan que facer si ou si. No polideportivo o que pedimos é que se mellore o servizo e que se abra os fins de semana, se hai que contratar a unha persoa máis pois mire están mellor empregada aí que con un administrativo de turismo, mire eu respecto moito a súa política e se vostede cree nela e co corazón a quere aplicar e está aí no goberno porque nós, gracias a nós apostamos por un cambio neste Concello paréceme moi ben, pero nós non pensamos igual, de acordo?, e se vostede decide seguir por ese camiño pois adiante. Como o tema da policía local, hai que reforzala non por lei non se poden contratar funcionarios, pero hai pódese reforzar na medida que a Lei o permite, con auxiliares ou como sexa está claro que temos un servizo deficitario, polo tanto hai que atender eses servizos antes que aventurarse a outros, gústenos ou non nos guste. A campaña de empadramento despois de dous anos cando entrou no goberno xa é o primeiro que tiña que facer o primeiro día, e o da regra de gasto sigamos con iso efectivamente, tamén lle vou dicir unha cousa, como sigan, unha



CONCELLO DE BARBADÁS

cousa que pensamos nós, ao mellor nos equivocamos, como sigan con este camiño de gasto orzamentario, na liña que van cando non haxa remanente non teñen cuartos para gastar en nada, nada máis que para manter malamente o que hai. Teñen que pensar en fixar poboación, teñen que pensar na medida na moción que trouxemos nós para que a xente veña restaure casas, compre casas, e compre pisos porque é o noso ingreso, como non traballen nese sentido dentro duns anos seguiremos cuns orzamentos raquíuticos como vostede di, e non chegaremos nunca ao nivel de Verín ou de Xinzo está claro. A cultura non estamos en contra da cultura, claro que non, pero é que a cultura que vostede defendeu e que defendemos tamén nós non chega á xente, non chega, chega a catro ou cinco, por iso nós traemos o do panel informativo, pero un panel informativo, non o que se acaba de sacar da manga iso non vale para nada para nós, para vostede valerá, un só, un, ben grande luminosa, con internet, con todo, é no que nós cremos, pero nós estamos aquí. O turismo non vai ser o motor económico deste Concello non o vai ser, oxalá que o fora, pero non o vai ser, vostede pode facer igual campañas turísticas durante o ano tres ou catro, pois unha andaina, ou unha ruta, ou o que se lle ocorre, ir ao Tagaraño, ou para ir a Loiro, ou para ir a Bentraces, pero non a política que está levando neste caso, porque é excesivo gasto e rendimento pouco. O museo non lle chame museo de momento, chámello sala expositiva, porque é unha sala expositiva, vostede puxo uns paneis cuns letreiros, é unha sala de exposicións, cando teña un museo, chámelle museo, pero é que é manía sempre de ir por diante tirar carro diante dos bois, sempre o mesmo, o mesmo, publicidade, propaganda, veña, cando teña realmente un museo chámelle museo, oxalá que o consiga e oxalá que sexa un éxito dígolle sinceramente, pero non vai por mal camiño, igual que foron os anteriores porque xa foi, non foi feito no sitio que tiña que ser, iso en primeiro lugar, porque iso é o gran handicap que ten ese museo por iso non vai funcionar nunca, é a nosa opinión, xa digo fomento do emprego, fomento dos pequenos empresarios, dos autónomos non hai nada para iso. En principio creo que está todo dito, non tiveron en conta nada do que nós propuxemos, é unha pena. Nada máis.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas señor Ramón. Ten a palabra a señora Fina Varelas.

A sra. Varelas toma a palabra: Seguirei onde antes o deixei. O tema é que temos que darlle unha saída ao problema que temos e é falta de recursos no Concello de Barbadás, vamos a ver, o turismo pódese ver de diferentes formas, o turismo rural está moito en auxe,



CONCELLO DE BARBADÁS

estamos moi preto dunha cidade e eu aposto e creo no turismo e creo cada vez máis no turismo rural, e Barbadás é un Concello bonito, é un Concello que ten moito que ver, e temos que chegar á xente e darlle información, porque se a xente non ten información aquí non veñen, case temos que ir a por eles, e a por eles como, con campañas, con actividades, facer actividades, é certo que gobernar non é fácil e ás veces hai que darlle mil voltas á cabeza para mellorar e o que tedes que facer e matarvos os miolos para conseguir, conseguir non xa tanta poboación, senón atraer, facer actividades para que a poboación de afóra veña a visitarnos, para que deixe os diñeiro no noso Concello para que se abran máis negocios, porque é certo que a poboación creza se somos 14.000 vamos a 18.000 obviamente temos máis ingresos, pero tamén vamos a ter moitos máis gastos, porque temos que cubrir os servizos da poboación, o tema é non xa tanto en crecemento da poboación senón a que temos que se faga real e atraer dalgunha forma a través de cultura e turismo atraer á xente dándolle actividades que lles gusten para que nos veñan a visitar porque se somos un Concello con moitas visitas, como un Concello a xente vai montar negocios, porque a xente está desexando ter actividades, hai moito paro, a saída contra o paro é montar pequenos negocios, pero para montar pequenos negocios ten que haber unha demanda, ten que haber unha poboación con xente, unha poboación activa, e nós dende o Concello temos que facelo atractivo, como se fai un concello atractivo, pois mira o primeiro que nos entra ao ser humano é a vista, as cousas étranos polos ollo, entón que é pois ter as rúas sumamente limpas, os parques e xardíns impecables, non como agora, mellorou hai un que está moi bonito que fixestes hai pouco que está moi bonito, pero non podemos basealo en un parque só, temos que dar sensación de que estamos nun sitio marabilloso, porque é marabilloso, pero témolo que transmitir para que nos veña máis xente, para que consuman no comercio local, para que se abran máis locais, para que a xente veña e deixe o diñeiro, que ao final do que se trata é diso, para nós poder dar servizos. Señor Padrón vostede para defenderse só ataca eu non sei a que ven vostede agora a dicirme no ano 2016 que non quixen aprobar, mire, o ser humano cambia de parecer porque cambie de parecer segundo vai vendo as situacións, eu o que non me gusta o que non me gusta é que se suban impostos, estou contra a subida de impostos, e si nese momento parecíame máis axeitado a baixada de impostos, por iso votei iso, agora eu non digo subir os impostos nun Concello porque a xente xa está suficientemente aflixida, hoxe día saír adiante cústanos a todos, eu non me baseo niso, baséome en que temos que



CONCELLO DE BARBADÁS

producir como se fora un negocio, pero un negocio para o beneficio dos nosos veciños, non un negocio para o beneficios dos políticos porque no pasado, se houbera habido un goberno con dous dedos de fronte porque a herdanza do PP é mala que eu en ningún mala, que eu en ningún momento dixen que era boa para min foi mala, Barbadás podía estar moitísimo mellor porque en Barbadás creouse un polideportivo porque ao mellor creceuse en aire, Barbadás o que lle pasou é que creceu en poucos anos e creceu en aire, porque agora temos un polideportivo super bonito pero en deportes gastamos un orzamento enorme, eu fágome a pregunta temos un equipo en terceira división, hai algún xogador do equipo de terceira división do Concello de Barbadás, cero, que subvención lle damos ao equipo de terceira división senón me equivoco 30.000 €, pode ser así Adrián?, ou 31.000, e como vai esa subvención, nominativa, non concorrencia competitiva como van as demais entón o señores do PP, piden, piden, piden, fan ben, eu moitas das mocións que piden apróbollas porque me parecen moi axeitadas, pero non hai diñeiro, e a Deputación xa vexo a idea que ten de axudarnos, ou sexa, a Deputación cero patatero, o mínimo, senón puidera deixar con cero euros deixábanos con cero euros, asegúrovolos, porque funciona así por desgraza política funciona moi fea, non se pensa nos veciños, non, aquí non se pensa nos veciños, estes orzamentos melloraron en partidas, melloraron no banco de alimentos o cal estou satisfeita porque Democracia Ourensana meteu unha moción fai uns meses para ter máis diñeiro para o banco de alimentos e penso que as traballadoras teñen que cobrar o seus soldos dignos e non o que estaban cobrando e faime gracia que na época do PP calábase agora non se cala nada, fan ben non calar pero é que a xente non tiña que calar nunca, a xente ten que pedir o que lle corresponde por dereitos de traballador agora parece que veñen os dereitos todos de agora e de atrás, non me mire así señora Chelo Vispo que estou dicindo a verdade, entón son uns presupostos, non pódeme a súa mirada, nin me intimida, nin me molesta, son uns presupostos que eu melloraría, melloraría pero melloraría con que diñeiro, esa é a miña pregunta, melloraría con que diñeiro, por iso o outro día o domingo sobre todo dixen Deus meu, isto é quita de aquí e pon de alá, porque fainos falta en todo onde poñemos é que nos fai falta en todo, na única cousa que non estou de acordo é nos 100.000 € do campo de fútbol, e direino sempre, e non porque estea en contra dos nenos, da xente que xoga, non, non estou en contra, simplemente por lóxica, e eu como non compro os meus votos porque eu non compro os meus votos con promesas ningunhas, fago o que sinto ca miña cabeza co meu corazón, dígo así, sigo dicindo que



CONCELLO DE BARBADÁS

me parece un diñeiro que podía ir a outras cousas pero, teño respectar a idea de quen vota a favor diso porque o meu voto só non conta para, e pouco máis que dicir, dicirvos que os pilares para min teñen que ser a xente que o necesita, educación, a cultura, basicamente e a seguridade cidadá, basicamente son as catro cousas que necesitamos, porque os veciños séntense que pagan impostos e non son compensados o que pagan co que reciben. Eu dicíavos unha cousa, hai moita xente que non sabe disto, porque a xente é unha pena que non veña máis aos Plenos, que non se informe máis, porque moita xente entendería, e eu diría que habería que facer de algunha forma que os cidadáns se conciencien co que temos e co que podemos facer, porque pedir podemos pedir montóns de cousas, montóns, pero aquí non hai para case nada. O señores do PP aquí queren cambiar unhas cousas, si ao final Chelo o que eu dicía, quita de aquí e pon de alá, ti para dar uns servizos vaille quitar outros, outros que seguramente fan facer falta, entón ao final non chegamos a nada, porque quita de aquí pon de alá, é unha economía de subsistencia, unha economía na que non se pode crecer e temos que repartir o pouco que nos queda entre partidas e que non sei máis que dicirvos porque o que vos estou falando védelo vós e se tedes dous dedos de fronte como tedes, que si que tedes moitos de vós, vedes que é insuficiente, moi insuficiente, porque me deu mágoa ver en algunha partida se baixaba 500 € se subía, sei que señor Adrián estruxouse un pouco a cabeza para baixar noteino, notei só falta velo, noteino. Electricidade tamén baixamos o consumo supoño que esas baixadas serán para, investirémolo en led, porque polo menos do que baixamos dun lado investirémolo noutro lado, o tema de Loiro da rede de sumidoiros fálase dun remanente pero claro todo o que non queda escrito a xente créeno ou non o cree, e a miña dúbida non son eu, porque eu vovos estar todos os días recordándovos isto, a dúbida é dos veciños, que todo o que non queda escrito é que como senón existira. Pouco máis vos teño que dicir, non hai moito por onde tirar, só que governe quen governe agora toca, aínda vos queda a vós un ano e medio, no futuro goberno e quen governe que faga apostas máis grandes, que pense no futuro e que se arrisque porque isto é unha continuidade de algo malo. Grazas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten a palabra o voceiro ou voceira do Partido Popular.

O sr. Fernández toma a palabra: Por ser o máis breve posible primeiro vou contestar a unha serie de cousas, vou empezar pola compañeira Fina Varelas porque é a intervención máis recente e quedouseme mellor. Ben dicía que hai que quitar dun sitio para pór noutro,



CONCELLO DE BARBADÁS

nós aquí temos quitado dun sitio e posto noutro, e é vostede a que lle vai tocar valorar e pronunciarse sobre estas emendas onde poría e onde quitaría vostede. Dicía o señor Fírvida revolución cultural en Barbadás, que a cidadanía co museo da gaita de fole se sentía orgullosa e que ata ese momento non, mire señor Fírvida non sei se termina de enterar, a cidadanía de Barbadás sentíase orgullosa igual ou máis ca co museo da gaita de fole, sabe como se sentiría orgullosa a cidadanía de Barbadás, se nese museo tan importante si que coñecemos este tipo de museos, se introduciran determinados símbolos da riqueza tradicional da zona, e que non están a facer, están introducindo algo que se están a quitar da manga, mire, están inventando unha película de ficción vostedes son os directores, os guionistas, os do PSOE son os intérpretes e o resto de grupos quitando ao PP sonlle os espectadores que fican ca boca aberta ao ocorrido diante da pantalla. Vou a pasar a explicarlle a terceira emenda que lles presentamos á mañá e que tamén teñen diante como lles dicía antes. Nada máis e nada menos que o fomento do emprego. Mire contéstolle ao que dicía, falaba vostede dun 4 case chegando ao 5% de desemprego aínda non se pechou o ano, no 2015 e 2016 pechouse o ano cun 5,2% de desemprego se a vostede a cifra que acaba de dar lle parece moito diríalle que neses anos era o pleno apoxeo da crise, pois poden estar orgullosos co aumento de emprego no seu municipio. O emprego a cualificación profesional e as habilidades á hora de buscar un posto de traballo polos nosos veciños e veciñas e especialmente polos mozos e mozas parécenos unha das necesidades que temos que prestar dende calquera administración local, por elo é inconcibible diminuír as contías adicadas ao emprego facéndose necesario xa non só incrementalas pór máis empeño nelas, propoñemos a contratación dun orientador laboral para o emprego que non terminaría de solucionar a problemática pero que si axudaría bastante, estaría en continua coordinación co servizo público de emprego da Xunta de Galicia, para desenvolver programas de inserción laboral técnicas da procura de emprego pautas á hora de determinar un perfil profesional, elaboración axeitada dos currículums que se envías ás empresas, así como a informacións sobre subvencións, achegas e incentivos, ademais prestaríase especial atención aos programas de colaboración social que actualmente o noso Concello non ten recollido e que resultan moi beneficiosos, e resúmolle un pouco en que consisten, traballadores, trátase de que traballadores que recentemente estaban ocupados continúen traballadores perceptores de prestación por desemprego e de subsidios que manterían esas prestacións pasarían a traballar con contrato que non os vincularía para non telos que facer



CONCELLO DE BARBADÁS

indefinidos na administración e que percibirían a diferenza que vai desde a base reguladora ata os incrementos dos soldos e mantendo o 100% do salario mínimo interprofesional, é dicir, suporíalle un beneficio a eses traballadores que pasarían a ter unha retribucións maiores, suporíalle un beneficio ás administracións locais, e diminuíríamos os custos de contratación que só terían que pagar esa diferenza e aparte as cotas á seguridade social, unha parte porque a outra xa é a que vai co desemprego que a pagaría o servizo público de emprego estatal neste caso, falando de orientador para elo pódese prescindir do hipotético traballador da inexistente casa da mocidade ademais dos gastos ocasionados por asistentes e desprazamento do persoal externo para os tribunais de selección de persoal e que son abundantes, de todos é sabido as seleccións non teñen sido existosas en moitos casos e quen mellor coñecen o perfil necesario do persoal son os traballadores e traballadoras das áreas deste Concello, tamén diminuír o gasto en publicidade, en estudos e traballos técnicos e servizos realizados por outras empresas, axudaría esta proposta para o fomento do emprego no noso Concello, e para rematar porque despois pasareille a palabra a miña compañeira voulle dicir unha cousa que vostede ten sacado á luz varias veces, fala vostede de que a Xunta non lle concede obradoiros de emprego, sabe vostede que os obradoiros de emprego hai que solicitalos mancomunadamente se se quere chegar a un número de puntos adecuados para que nolos concedan, vamos a ver, de pouco se fían os concellos limítrofes de vostedes, cando hai subvencións que se pediron en conxunto e que as perderon pola súa culpa, pódolle falar que non é o color dos grupos políticos que existen gobernando, nin gobernando o concello, nin a Xunta, nin a Deputación, pódolle asegurar que concellos gobernados por PSOE, véxase Parada do Sil, Castro Caldelas, BNG Baños de Molgas, están actualmente con obradoiros e están actualmente prestando ese servizo, Terra de mosteiros, concellos aos que se foi Pereiro de Aguiar e San Cibrao das Viñas que non se xuntou con Barbadás e a zona toda de Caldelas, insístolle que non é ese o motivo, o motivo é que os concellos limítrofes non se fían de vostedes porque un obradoiro de emprego que deixou preparado no 2015 o Partido Popular e unha vez retomaron vostedes, o goberno en Barbadás non supuxo máis que problemas e non redundou nada na cidadanía. Moitas grazas. Pásolle a palabra á miña compañeira Chelo.

A sra. Vispo toma a palabra: Señor Fírvida hai algunha solicitude feita para ver se podemos contratar a dous policía, a tres, a catro, aos que fagan falta, hai algunha solicitude, non, está presupostado, non, pois entón non digan vostedes que non se pode, si



CONCELLO DE BARBADÁS

se pode e compróbeno, compróbeno, e senón pregúntenos e lle diremos como o teñen que facer, pero si se pode facer. Señora Fina Varelas, sei que está facendo un papel que cambiou dende o principio que vostede entrou aquí como Corporación a hoxe, vamos a ver, estaba dicindo que en dous días aburriuse de ver este presuposto, está dicindo que non viu o cambio de goberno, que foi unha continuidade, mire vostede vive en Barbadás porque non se vai a outro sitio a vivir, a ver, a herdanza do Partido Popular grazas a iso hai os servizos, hai todos os servizos neste momento e iso é unha continuidade porque hai que mantelos, eu non molestei señora Fina Varelas a vostede, soamente

O sr. Alcalde toma a palabra: Non interrompamos, eu prégolles por favor que non interrompamos, señora Fina por favor.

A sra. Vispo toma a palabra: Non, non perdoe, eu non a botei do Concello, eu estoulle dicindo que

O sr. Alcalde toma a palabra: Señora Chelo por favor siga co tema.

A sr. Vispo toma a palabra: Grazas señor Alcalde, vamos a ver, non terxiverse as miñas palabras, xa llo vou dicir agora mesmo, eu non a botei deste Concello dígolle que leva, que leva vostede dicindo que se aburre con estes orzamentos pois non, vou a seguir para non perder tempo. Tanto coa policía, tanto vostede, cultura, mire Barbadás é todo un referente en cultura, carnaval, actuacións diversas, programa cultural, nadal, verán e agora mesmo sito dicilo estamos no soto da cultura, seguimos tendo como referente ao apalpador, segundo os nenos, e dígollo con cariño, o boneco diavólico, nome que os nenos lle puxeron ao apalpador, hai que ser tolerantes o Partido Popular o é coas tradicións ancestrais e non estamos en contra de que os nenos coñezan ao apalpador, pero mire puxemos o noso grao de area para que os nenos teñan Papa Noel, e se sabe está a través dunha asociación onde nós puxemos o noso grao para que teñan os nenos o Papa Noel. Deportes, 273.000 € para Casa da mocidade, se lle sumamos 27.000 € a calquera outra partida de traballos para outras empresas, xa se puidera poñer o tapiz e o campo de fútbol 8 no 2017, pero non, hai que pensar na casa da mocidade porque é prioritario para o BNG, non para o Partido Socialista dense conta de que aquí hai varias concellerías, dous mocións traídas polo Partido Popular señora Fina, para cambiar o campo de fútbol e arranxar o pequeno, que irían contra os Plans provinciais da Deputación 2018 e 2019 non lle saíría das arcas do Concello. O Partido Popular deixou a súa negativa a un lado e apoiou a través da Deputación poñendo 200.000 € para que quede arranxado o campo de fútbol con un



CONCELLO DE BARBADÁS

convenio que se vai a asinar co Concello de Barbadás, o Concello de Barbadás porá 100.000 € porque non sei se sabe que hai lesións neste momento tal e como está a situación do campo, entón pensamos na xuventude e nas familias non como vostede que o deporte non lle vai. Comercio, un incremento de 5.000 € para campañas a favor do comercio local, vostede cree que con 22.000 € podemos chegar a poñer en valor o auxe deste comercio, campañas de nadal, outras épocas do ano, lémbrolle que todos os comerciantes son todos iguais, señora Marga queren que os visiten a todos non soamente a uns, eles son os que poñen o regalo e o diñeiro para estas campañas, campañas de pinchos, outra vez neste caso os hostaleiros son os que puxeron as ideas e son os que se poñen a traballar durante unha fin de semana para que sexamos referente na hostalería, aquí teremos que repartir o diñeiro que teñen 22.000 € entre todos, porque deles saen as ideas, deles, é que con vinte pico mil euros é imposible facer máis, señora Marga, é imposible facer máis, mire un claro exemplo témolo no Rally mix que organiza a escudería Barbadás e que o noso compañeiro Marabú está á fronte, durante unha fin de semana, esas son ideas que tiñan que, pónolle un exemplo, que terían que ter para dinamizar este Concello como o fixo durante unha fin de semana cos hostaleiros, que os tivo a todos ao completo, igual que os comercios están encantados, iso son ideas saíndo doutro lado do Partido Popular, e neste caso que non queremos misturar que a escudería Barbadás ten voz propia. Participación cidadá, teremos que facer un seguimento desta partida indica o señor Alcalde que aumenta a partida para a limpeza nos locais sociais, mire, non sei o ouviu vostede señor Sarín, diríxome a vostede, preguntelle ás asociacións si lle limpa as papeleiras pero o demais brilla pola súa ausencia, nunca mellora dito na limpeza, fale, fale porque falamos cas asociacións. Cal será a próxima reunión do Consello de participación cidadá porque creo que o teñen constituído aínda non sabemos cal será, empece a funcionar de verdade, pero mire direille que os 2.000€ que vai a aumentar na partida de combustible en participación cidadá bótelle leña a ese Consello consultivo, bótelle leña ao lume para ver se empeza a funcionar correctamente. Para rematar, señor Valcárcel vostede se cansaba de dicir durante 8 anos na oposición que os orzamentos do Partido Popular eran orzamentos que non establecían obxectivos claros que os veciños de Barbadás eran persoas ás que hai que atender prestar servizos, mellorar dotacións e crear servizos novos, fomentar o emprego, cambiar o alumeadado público, loitar por un instituto, por unha segunda gardería e por centro de saúde público que non tiñamos nin previsión, nin planificación, sóalle o que lle digo, prestar



CONCELLO DE BARBADÁS

servizos, os mesmos que o Partido Popular deu durante 28 anos e que seguen mantendo, mellorar dotacións, piscina, non digo nada máis, porque a día de hoxe con todo o que gastamos e segue feita unha piltrafa. Campo de fútbol será o Partido Popular grazas a vostedes tamén e o digo, que lle bote unha man para arranxalo, servizos novos, non os atopei, si se refire á saúde pública foi o Partido Popular apostando por un centro de saúde digno e se por vostedes fora e as súas indecisións aínda estaríamos sen el, aínda que nos congratula que os seus compañeiros de viaxe neste goberno aposten por un PAC, entendendo que non está tan mal equipado, nin ten tan mala situación, cando vostedes queren crear o PAC aí, darannos as grazas. Crear servizos dígame cales asegúrolles que non os atopei. Instituto, seguimos esperamos unha dotación tan reclamada por vostedes na súa época de oposición, e agora lles din á cidadanía que será imposible poñer a disposición porque temos que desembolsar dous millóns para desenvolver o AR, soamente déixoo aí. Segunda gardería, venderon durante un ano un PAI en Bentraces sen ter o visto e prace da Xunta, e o máis importante do pobo de Bentraces que estaba que non estaba de acordo, hoxe unha proposta irreal, xa que non se levará a cabo como todo o que prometen. Alumeado público direilles que se houbera cambios para iluminar unha estrada camiño a Sobrado, que só circulan coches e xabaríns e o paso de peóns case borrado xa. A estrada de acceso ao pobo Piñor, casualidade señora Victoria Morenza, pero mire Barbadás é moi grande incluso o núcleo urbano de A Valenzá necesita destes cambios do alumeado público. Partida orzamentada para o ano 2018 baixa significativamente 10.000 € case, como lle explican isto aos veciños. Fomentar o emprego, aquí quero chegar, deixei para o final, rebaixan unha partida en 25.000 € só a partida de subvencións para fomentar o emprego rebáixanos en 12.000 € dánse conta que todo o fan incongruentemente crean Proeco para fomentar o emprego, criamos que ían algo bo para fomentar o emprego e non o desenvolven ao contrario, en vez de contratar orientador laboral que realmente Proeco necesítalo e que realmente pode metelo coas partidas que nós facíamos nas emendas meten un técnico de turismo, un técnico para o centro empresarial, moi boa maneira de fomentar os tres nichos, un xa ten vida propia, segundo cremos polas Xuntas de Goberno, esperemos que os demais sigan tendo vida propia. Miren, vostedes nos dicían que non tiñamos ni previsión, agora vouno ler amodo, que creo que xa corrín bastante para que me dera tempo a ler todo, vostedes dicían que non tiñamos previsión nin planificación, eu dígolles máis a



CONCELLO DE BARBADÁS

todo isto, non o teñen vostedes, fáltalles a vostedes máis iniciativa de poñer en valor as persoas e os recursos dun Concello como é Barbadás. Moitas grazas, señor Alcalde.

A sra. Varelas toma a palabra: Dicirille á señora Chelo Vispo que xa vexo por onde vai a ética e a moral dela que se permite o luxo de dicirme que me vaia a vivir a outro lado do Concello, un é ese tema, mire señora Chelo Vispo, voulle dar un consello a vostede, todo o que vostede argumenta aquí arguménteo na Deputación e non estea calada como unha muda porque alí si que podía facer moito polo Concello de Barbadás, pero sabe o que fai na Deputación caladiña, porque os outros deputados levan para á súa zona cousas, porque fala, e vostede que fai, caladiña, así que deixe de atacarme a min e preocúpese polos veciños e pida onde hai que pedir, onde hai diñeiro. Grazas señora Chelo.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten a palabra vostede.

O sr. Fírvida toma a palabra: Si, moi brevemente quería contestar algunhas cousas moi rápido. Polígono comercial señor Ramón, é imposible desenvolvelo co actual plan xeral de ordenación municipal do ano 2002, é imposible urbanizar un monte enteiro a Xunta de Galicia, a Unión Europea, o Estado Español, xa non da máis subvencións para máis polígonos industriais tendo en conta que hai miles de metros cadrados na provincia de Ourense de polígonos industriais que están sen ocupar, polo tanto isto ten que nacer da iniciativa privada, nós faríamos modificacións puntuais no plan xeral de ordenación municipal se houbera algunha iniciativa para desenvolver algún comercio, pero nós desde logo nós non vamos a poñernos a asfaltar un monte para telo baleiro. Ingresos insuficientes propostas do Partido Popular totalmente de acordo, pero saben o que poden facer vostedes ter unha Deputación en Ourense onde vostede é deputada como é a Deputación de A Coruña entón Barbadás contaría con 800.000 € máis de ingresos, como contan concellos do tamaño de Barbadás de A Coruña, ou concellos de Pontevedra do tamaño de Barbadás contan con partidas de 400.000 € sabe canto nos dá a Deputación de Ourense para os orzamentos de Barbadás 50.000 €, 50.000 € nos dan, mentres que en A Coruña ou en Pontevedra serían 800.000 ou 400.000 criterios obxectivos non caciquistas o reparto. Centro de saúde de Barbadás, acusarnos ao goberno que pechamos o centro de saúde de Barbadás, mire, o centro de saúde de Barbadás que o pechou foi o Sergas, e o Sergas está xestionado polo Partido Popular, parece mentira que digan iso, parece, dáme vergonza escoitar o que teño que escoitar a veces Manuel, como que, o centro de saúde de Barbadás



CONCELLO DE BARBADÁS

pechouno o Sergas e este goberno estivo detrás dos veciños que estiveron recollendo firmas, fixemos escritos de apoio para que non se pechara ese centro, fixemos unha

O sr. Alcalde toma a palabra: Non interrompan por favor, non interrompan.

O sr. Fírvida toma a palabra: Houbo manifestacións diante do CHOU ás que vostedes ningún membro do Partido Popular se presentou a ningúnha desa manifestación, non nos presentamos en ningún paripé Manuel, non é ningún paripé porque foi unha iniciativa da asociación de veciños de Barbadás, foi unha iniciativa da asociación de veciños, e nós nos puxemos detrás deles reivindicando que non se pechara ese centro de saúde. Incremento do prezo dos bonobuses, incremento do centro de bonobuses, si, si, Manuel pechou o Sergas, o Partido Popular pechou o centro de saúde de Barbadás, si señor, tiña que darlle vergonza a moitos profesionais da medicina, si señor, porque aquí se están perdendo centros de sanitarios, parece mentira home, parece mentira, si parece mentira algún lle tiña que caer a cara de vergonza, e se pecharon porque se pecharon, porque o Sergas o quixo pechar, a ver se agora foi culpa do goberno de Barbadás. Aumento do prezo dos bonobuses, mire, é unha cuestión de responsabilidade, gastamos 160.000 € en bonobuses ao ano, vostede ao mellor o que prefere é que baixemos o prezo dos bonobuses e gastamos 250.000 pero entón teremos que sacar diñeiro doutra partida, como a Deputación non nos dá, como a regra de gasto non nos deixa ter máis gasto, a ver o que facemos, é a responsabilidade a que nos obriga como gobernantes, a veces aumentar o prezo dalgún servizo como é o dos bonobuses, moi en contra da miña opinión, pero temos que facelo por responsabilidade. Loiro, mire estamos pendentes de que Aquagest nos presente un estudo para cales son as melloras que temos que facer na rede de abastecemento e saneamento de Loiro, vamos a estudar ese estudo, vamos a estudar e o investimento que temos que facer para poder realizar esa mellora, e se é posible durante o 2018 ten a nosa polo menos a nosa intención de que vamos a facer investimentos en Loiro para mellorar esa situación. Turismo, non é só promoción de roteiros, o turismo é moito máis como por exemplo pór en valor unha igrexa do século XII, igrexa de Loiro que está absolutamente esquecida. O museo, pois o museo de momento xa serve para saír na televisión de Castela e León que viñeron a facer un programa de viaxes e viñeron a facer unha reportaxe ao museo de gaita de fole, e se o museo hoxe non conta con instrumentos e con ferramentas e porque este Concelleiro non está disposto, non está disposto a dobregarse diante de chantaxes despois de ter todo planificado unha chantaxe económica para que alí permaneceran instrumentos e



CONCELLO DE BARBADÁS

ferramentas e como non estou disposto a ser un cacique, nin a ter políticas clientelares para financiar a ninguén é polo motivo polo que hoxe non hai alí instrumentos, claro que hai que recuperar o orgullo da cidadanía de Barbadás señor Manuel, sabe por que, sabe porque hai que recuperalo, porque as últimas noticias que saían de Barbadás eran na portada de Interviú, por corrupción urbanística, iso era o que se contaba de Barbadás por España, cando saías de Galiza e de Ourense se coñecía Barbadás polas portadas do Interviú, polas portadas do Interviú, iso é o que estamos intentando cambiar, agora Barbadás sae na televisión de Castela e León porque inaugura un museo, fíxese vostede o que ten cambiado este Concello, vai haber non se preocupe. O apalpador, agora xa todo o mundo sabemos que é o Partido Popular quen boicotea as actividades culturais do Concello de Barbadás, é o Partido Popular quen boicotea as actividades do apalpador, quen lle molesta que recuperemos tradicións do noso País, quen lle molesta e quere traernos un invento da Coca-Cola de estados unidos, Papa Noel, moi ben señores Partido Popular, e o colmo xa é falar do instituto, o instituto saben vostedes moi ben, porque non se desenvolve un instituto en Barbadás, claro que do, a min me molesta moitísimo non ter instituto, a min dóeme, onde está, no AR-10, como se desenvolve unha área de reparto, como se desenvolve un área de reparto, investindo, a única forma é que se desenvolva a área urbanística, e parece mentira que utilicen a unha escudería privada de coches, é unha vergoña que utilicen unha escudería privada de coches para facer publicidade do Partido Popular, é unha vergoña

O sr. Alcalde toma a palabra: Un galiñeiro non, señor Ramón se vostede solicitou un segundo téñollo que dar a todo o mundo. Un minuto ela foi por alusións, ela foi por alusións, que alusións tivo vostede?, a ela foi unha alusión persoal, non política

O sr. Padrón toma a palabra: O centro de saúde, non iso é medio minuto, non porque dixo o señor Fírvida dicíndolle, espere, dixo, a ver.

O sr. Alcalde toma a palabra: Non, non as alusións son persoais, entón ninguén Ramón, ninguén, porque non son alusións, as alusións o que

O sr. Padrón toma a palabra: Fun o que menos falei

O sr. Alcalde toma a palabra: Si, pero puido falar. As alusións son por asuntos persoais está así contemplado

O sr. Padrón toma a palabra: Quero falar só medio minuto

O sr. Alcalde toma a palabra: Os debaten políticos cinguensan ao tempo marcado



CONCELLO DE BARBADÁS

O sr. Padrón toma a palabra: Non, pero eu sentinme aludido en algo que dixo o señor Fírvida

O sr. Alcalde toma a palabra: Tamén eu podo sentirme aludido señor Ramón.

O sr. Padrón toma a palabra: Non, non, vamos a ver, o señor Fírvida díxolle á señora Chelo que ela non estivo alí o día do tema da mobilización diante, polo tema do centro de saúde de Barbadás, nós tamén non estivemos pero iso non quere dicir que non estivéramos Non, non, non, pero eu quero dicir que nós falamos coa representante da asociación de aquí e non pode, ten razón que a Xunta de Galicia quixo que iso morrera pero é que tamén este goberno en dous anos tiña que lle

O sr. Alcalde toma a palabra: Señor Ramón.

O sr. Padrón toma a palabra: Desde que está este goberno tamén ten a súa parte de responsabilidade de haber fomentado entre a cidadanía de Barbadás, Bentraces, Sobrado, Loiro de que si se seguían facendo cartillas abaixo en A Valenzá perderían o centro, non,

O sr. Alcalde toma a palabra: Non, primeira cuestión, foi ao revés

O sr. Padrón toma a palabra: Non, non, non me entende

O sr. Alcalde toma a palabra: Non, Ramón, isto non, non, as alusións son outra cuestión, eu tamén me podo sentir aludido

O sr. Padrón toma a palabra: Non, non me entende o que quero dicir.

O sr. Alcalde toma a palabra: Apaga aí. Non Ramón é que non é certo. Medio minuto. Porque falou el, e volvo a repetir só alusións persoais Ramón, aquí alusións hai de todo tipo no momento que e fala nun debate político, tamén me podo sentir aludido polo que dixo a señora Chelo en relación á policía local e traio aquí documentación para acreditar outra cousa e non o fago. Chelo medio minuto e punto. Si terminou. As alusións son persoais non son políticas, as políticas están no debate e o debate cínquese ao que marca o tempo do regulamento, ao acordado nesta ocasión para este caso especial.

A sra. Vispo toma a palabra: Gracias señor Alcalde. Eu soamente un minuto, medio minuto. Mire señor Sarín a verdade sabe cal foi?, que vostede tivo unha reunión no Sergas co director do Sergas, nese momento onde vostede estivo de acordo en pechar ese centro de saúde. Quieto, quieto, esa é a realidade, mire a Deputación, un momento. Non, que non, non me puxo non, porque o sabemos

O sr. Alcalde toma a palabra: Que lle conteste el. Manuel

A sra. Vispo toma a palabra: Eu non dixen que fora



CONCELLO DE BARBADÁS

O sr. Fírvida toma a palabra: Que che dixo o director xeral do Sergas que un concelleiro de Barbadás quería pechar ese centro, Dionisio dixo iso

O sr. Fernández toma a palabra: Está dicindo unha persoa, está falando do que dixo unha persoa non terxirse, e se tes que denunciar, denuncia

A sra. Vispo toma a palabra: Déixame terminar, dígoche quen foi. Déixame terminar.

O sr. Alcalde toma a palabra: Remate, agora si

O sr. Fírvida toma a palabra. Non se vai consentir cousas destas.

A sra. Vispo toma a palabra: A ver, en ningún momento dixen que fora o director do Sergas dixen que houbo unha reunión do señor Sarín co director do Sergas onde el e é que aparte cando saíu desa reunión comentouno con outras persoas onde a nós chegounos esa información non tivo que ver, porque eu con Dionisio non me reunín. Segundo a Deputación, a ver, se tanto vos cabreades é por algo digo eu, é que pode que a cidadanía se entere disto, a Deputación ten subvencións para a xuventude, para tarxeta Ou, para maquinaria, para desbroces, para campamentos, para maiores, incluso para turismo puxemos 10.000 € na Deputación para axudar a pór en funcionamento o museo da gaita, si ou non, e agora vai a achegar 200.000 para o convenio co campo de fútbol, mire señora Fina Varelas entérese de como funciona a Deputación e o que ven para o Concello de Barbadás.

O sr. Alcalde toma a palabra: Señora Chelo rematou. Sarín explique o corresponde. E remataron as intervencións correspondente a este asunto.

O sr. Núñez toma a palabra: Vou ser moi breve. Boas tardes a todos e a todas máis que nada por alusións, porque a voceira do Partido Popular parece que me acusa a min particularmente a este Concelleiro que pechou o centro de saúde e o peche deste centro de saúde fíxoo o Sergas que pertence evidentemente ao Partido Popular no goberno da Xunta. Mire este Concelleiro dende que aterrou aquí en 2015 na área de sanidade o que fixo foi reunirse cos responsables políticos do Sergas para esixirle entre outras cuestións que mantivera os profesionais e hai escritos que llos podo ensinar cando queira dos profesionais, un médico e unha enfermeira a media xornada a este centro de saúde, para dar unha atención sanitaria digna con programas de formación e con programas médicos para que deran un servizo á cidadanía e das parroquias do rural, iso foi o que se fixo, e que me acuse que nunha reunión co xerente, con Dionisio eu aceptei, eu díxenlle que efectivamente este goberno non estaba de acordo con esa decisión e que se o pechaban era



CONCELLO DE BARBADÁS

unha decisión absolutamente do Sergas, evidentemente e iso é absolutamente gravísimo que vostede diga aquí que eu asentín cun peche dun servizo público neste Concello. Non teño nada máis que dicir.

O sr. Alcalde toma a palabra: Por favor chámoo a todos vostedes á orde ou suspendo o Pleno cinco minutos. Suspéndese o Pleno cinco minutos.

Por favor despois deste receso creo que todos volvemos á calma, ou espero que todos volvéramos á calma e polo tanto proseguimos co Pleno. Aquí hai unha serie de emendas, tres, creo lembrar senón me equivoco presentadas polo Partido Popular xa están expostas, polo tanto correspóndelle ao grupo de goberno aceptar esas emendas ou non, se son aceptadas sométense a votación e senón están aceptadas non se someten a votación, polo tanto o que teño que dicir en relación as emendas que presentan vostedes é que non as aceptamos. E que se non se aceptan non se votan, é así igual que nas emendas que existen nas mocións non inventei eu nada novo.

A sra. Secretaria toma a palabra: Unha pregunta, a ver a calquera acordo, non espere un momento, o presentante, é dicir, a emenda supón unha modificación do acordo que presenta. Dádeme cinco minutos para resolver isto.

O sr. Alcalde toma a palabra: Outro receso de cinco minutos. Vamos a ver, as emendas se acéptaa o presentante do proxecto, como as mocións, senón se aceptan non se debaten.

A sra. Secretaria toma a palabra: Unha cousa respecto á dúbida plantexada a verdade é que o ROF non aclara nada, simplemente define a emenda como unha proposta de modificación que un ditame o proposición que é este o caso unha proposta de acordo, presentada por calquera membro mediante escrito presentado ao presidente antes de iniciarse a deliberación do mesmo, e despois de cando fale do debate, pois fala de proposición, moción e tal, entón isto sería obxecto dun informe que loxicamente tería que emitir por escrito buscando documentación e non o vou poder emitir agora, polo tanto como proposta, sería para evitar a impugnación do Pleno sería someter a votación a aceptación ou non da emenda, se está disposto o grupo de goberno, claro.

O sr. Alcalde toma a palabra: Vamos a ver, neste caso aceptámolo queda condicionado para sucesivas ocasións e que afectará evidentemente en exclusiva aos orzamentos porque non que son as mocións xa temos claro, xa sabemos como é, está claro que as emendas teñen que ser aceptadas polo grupo de goberno, senón non son aceptadas polo grupo de goberno decaen literalmente.



CONCELLO DE BARBADÁS

A sra. Secretaria toma a palabra: Ou polo presentante

O sr. Alcalde toma a palabra: Ou polo presentante exactamente no caso de fora á inversa exactamente. Nese caso si que se sometería a votación, neste caso excepcional dado que estaba pendente dun informe da Secretaría para o que son orzamentos sometémolo a votación nesta ocasión, á espera dese informe. Votos a favor da primeira emenda polo tanto do Partido Popular. Da aceptación da emenda exactamente.

Sen máis sométese a votación a aceptación da primeira emenda presentada polo Partido Popular resultando rexeitada cos votos a favor do Partido Popular e Grupo Mixto, as abstencións de Democracia Ourensana e os votos en contra de PSdeG-PSOE e BNG.

O sr. Alcalde toma a palabra: Decae polo tanto. Votos a favor da segunda emenda. Aceptación

A sra. Secretaria toma a palabra: Si, de que se inclúa ou non se inclúa

O sr. Alcalde toma a palabra: Non, non, aceptación, non.

A sra. Secretaria toma a palabra: Non, é a aceptación da emenda. Que se delibere ou o que sexa.

O sr. Alcalde toma a palabra: Estamos falando de que se delibere a emenda, que se delibere, non a aprobación definitiva desa emenda.

A sra. Secretaria toma a palabra: Que se inclúa, non, non pero que se inclúa dentro do debate

O sr. Alcalde toma a palabra: Temos que volver a votar se se acepta ou non, temos que votar se se acepta a emenda ou non. Votamos xa segunda a emenda?

Sen máis sométese a votación a aceptación a segunda emenda presentada polo Partido Popular resultando rexeitada cos votos a favor do Partido Popular e Grupo Mixto, as abstencións de Democracia Ourensana e os votos en contra de PSdeG-PSOE e BNG.

O sr. Alcalde toma a palabra: A terceira emenda pasamos a votos a favor de que se acepte ao debate esta terceira emenda

Sen máis sométese a votación a aceptación a terceira emenda presentada polo Partido Popular resultando rexeitada cos votos a favor do Partido Popular e Grupo Mixto, as abstencións de Democracia Ourensana e os votos en contra de PSdeG-PSOE e BNG.



CONCELLO DE BARBADÁS

O sr. Alcalde toma a palabra: Polo tanto decaen non hai debate sobre estas emendas. Pasamos á votación do orzamento. Votos a favor da aprobación inicial do orzamento, abstencións, votos en contra.

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobado cos votos a favor de PSdeG-PSOE, BNG, abstención de Democracia Ourensana e os votos en contra de PP e Grupo mixto o seguinte acordo: “ **Aprobación inicial dos orzamentos 2018**”

O sr. Alcalde toma a palabra: Polo tanto a aprobación inicial é positiva. Moitas grazas.

2- APROBACIÓN DO PREZO PÚBLICO DOS TALLERES DE MEMORIA

O sr. Alcalde toma a palabra: Pasamos ao segundo punto da orde do día, que é a aprobación da modificación o prezo público exactamente. Modificación do prezo público dos talleres de memoria. Ten a palabra o señor Concelleiro.

O sr. Núñez toma a palabra: Como xa lles fixen constar na Comisión informativa trátase dunha modificación deste prezo público dos talleres de memoria que se desenvolven pois neste caso por un novo taller que se vai a instaurar ao longo do 2018 en Bentraces e que se fai por un xeito, foi unha solicitude que tamén veu por parte da asociación veciñal e faise dun xeito un pouco pois cunha perspectiva de poder darlle máis no futuro entón o primeiro ano en vez de facelo cunha duración de 9 meses como se fan no resto das parroquias, en Piñor, en Finca Fierro, en A Valenzá, ou en Loiro pois se fai simplemente por seis meses, cunha redución tamén con menos número de horas e con 21 sesións e polo tanto efectivamente ao reduciilo pois tanto en tempos como en número de sesións pois en vez de manter os 40€ no resto, como no resto das parroquias pois se propón un prezo público de 25 € por usuario. E é un pouco

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas señor Serafín. Ten a palabra o señor Ramón Padrón.

O sr. Padrón toma a palabra: Non temos nada que dicir estamos a favor da proposición

O sr. Alcalde toma a palabra: Ten a palabra a señora Fina Varelas, tampouco. Ten a palabra o voceiro ou voceira do Partido Popular.

O sr. Fernández toma a palabra: Nós totalmente de acordo e visto sobre todo o ben dunha proposta veciñal non podería ser de outra de que déramos a nosa aceptación. Moita grazas.



CONCELLO DE BARBADÁS

O sr. Alcalde toma a palabra: Polo tanto sometemos a votación este punto da orde do día.

Votos a favor.

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobado por unanimidade o seguinte acordo: **“Aprobación do prezo público dos talleres de memoria”**

O sr. Alcalde toma a palabra: Polo tanto queda rematado este Pleno. Moitas grazas a todos e a todas.

Concluído o anterior, non sendo outro o obxecto da convocatoria, pola Presidencia dáse por finalizada a sesión, sendo as 21:50 horas no lugar e data ó principio indicados, estendéndose a presente acta, de todo o que, como secretario, dou fe.

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE